



Plan de Convivencia

Aprobado polo Claustro o 27 de xaneiro de 2021



ÍNDICE

- 1. ANÁLISE DA SITUACIÓN E DIAGNÓSTICO PREVIO DA CONVIVENCIA NO CENTRO**
 - 1.1. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E DO SEU ENTORNO.
 - 1.2. DIAGNÓSTICO PREVIO DA CONVIVENCIA NO CENTRO.
 - 1.3. ELEMENTOS PRINCIPAIS SOBRE A CONFLITIVIDADE DETECTADA NO CENTRO.
 - 1.4. OBXECTO, FINS E PRINCIPIOS DO PLAN.
- 2. OBXECTO, FINS E PRINCIPIOS DO PLAN DE CONVIVENCIA DERIVADOS DA ANÁLISE PREVIA.**
- 3. ACTUACIÓNS, MEDIDAS OU PROGRAMAS QUE SE VAN A DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA INCLUÍNDO MEDIDAS PREVENTIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN E ACTUACIÓNS ORGANIZATIVAS. CURRICULARES E DE COORDINACIÓN.**
 - 3.1. ACTUACIÓNS PREVENTIVAS, RE-EDUCADORAS E CORRECTORAS.
 - 3.2. ACTUACIÓNS PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO, COAS SEGUINTE PREVISIÓNS.
 - 3.3. PROTOCOLO DE ABSENTISMO
 - 3.4. ACTUACIÓNS FORMATIVAS, PARA O PROFESORADO E A COMUNIDADE EDUCATIVA, ESTABLECIDAS NOS PLANS DE CONVIVENCIA.
 - 3.4.1. FORMACIÓN DO PROFESORADO.
 - 3.4.2. ESCOLA DE PAIS E NAIS.
 - 3.5. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO E PROTOCOLO DE ACTUACIÓN.
 - 3.5.1 NORMAS DE CONVIVENCIA.
 - 3.5.1.1. Dereitos e deberes do alumnado.
 - 3.5.1.2. Dereitos e deberes das nais e pais ou persoas titoras/es.
 - 3.5.1.3. Dereitos e deberes do profesorado.
 - 3.5.1.4. Dereitos e deberes do persoal non docente
 - 3.5.2. PROTOCOLO DE ACTUACIÓN.



3.6. ESTABLECEMENTO DAS CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E DAS CORRECCIÓNS QUE CORRESPONDAN AO SEU CUMPRIMENTO.

3.6.1. CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA NO CENTRO.

3.6.2. CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA.

3.6.3. CRITERIOS PARA A ELECCIÓN DO INSTRUCTOR (PROCEDEMENTO COMÚN/MEDIADORES NO PROCEDEMENTO CONCILIADO)

3.6.4. GRADACIÓN DAS MEDIDAS CORRECTORAS.

3.6.5. PROCEDEMENTO CONCILIADO.

3.6.6. PRESCRICIÓN DE CONDUCTAS E DE CORRECCIÓNS.

3.7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA NO CENTRO, COAS FAMILIAS E CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS OU ORGANISMOS DO CONTORNO.

3.7.1 RELACIONADOS CO FUNCIONAMENTO INTERNO.

3.7.2. RELACIONADOS CO ALUMNADO.

3.7.3. RELACIONADOS CO PROFESORADO

3.7.4 RELACIONADOS CO PERSOAL NON DOCENTE.

3.7.5 RELACIONADOS COAS FAMILIAS.

3.8. ESTRATEXIAS PARA REALIZAR A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.

3.9. PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA.



INTRODUCCIÓN

Os centros educativos son lugares onde compartir experiencias e aprender a convivir. A organización das estratexias que se deben adoptar para educar en convivencia democrática, require da promoción dun espazo de consenso de toda a comunidade educativa: escola, familia, institucións locais e asociacións.

O Plan de Convivencia ten por finalidade favorecer propostas educativas que axuden ao centro a conseguir a formación no respecto dos Dereitos e Liberdades fundamentais, así como no exercicio da tolerancia e a liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia; a desenvolver a motivación do alumnado pola aprendizaxe e a mellorar a cohesión e as relacións internas dentro de cada grupo, en particular, e no centro educativo, en xeral. A este nivel cómpre ter moi en conta a normativa autonómica que se ven desenvolvendo nos últimos anos e que concreta e guía as actuacións nas institucións educativas no campo da convivencia escolar. Esta normativa contempla:

- **A Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa** (D.O.G. Nº136, 15 de xullo de 2011)
- **O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2014** (D.O.G. Nº 17, 27 de xaneiro de 2015)
- **O Protocolo Xeral para a Prevención, Detección e Tratamento do Acoso e Ciberacoso Escolar** (novembro de 2015)
- **O Protocolo Educativo para a Prevención e o Control do Absentismo Escolar** (xaneiro de 2014)
- **O Protocolo de Prevención, Detección e Intervención do Risco Suicida no Ámbito Educativo** (novembro de 2017)

Tendo en conta este marco legal, no noso centro, aspiramos a un ensino de calidade que implica:

- **Ensinanza para a vida en sociedade**, de maneira global para o conxunto dos problemas da humanidade e de maneira concreta, atendendo ás necesidades do medio máis próximo.
- **Ensinanza en valores**, aprendendo a convivir de maneira responsable, solidaria, libre e resolvendo os problemas mediante a cooperación.
- **Ensinanza democrática**, na que todas e todos poidamos participar de maneira democrática.
- **Ensinanza sen exclusións**, para lograr o máximo desenvolvemento de todos/as e



cada un dos alumnos/as.

Todo elo, para o logro da participación na vida social e cultural, e a formación para a paz, a cooperación, e a solidariedade. Para elo debemos aprender a:

- Desenvolver o recoñecemento, autoestima e a autonomía persoal.
- Respetar.
- Relacionar: aceptando ao diferente, desenvolvendo a empatía, tolerancia, o diálogo, aceptando as normas, o traballo en grupo,...
- Participar; a través da toma de decisións consensuadas, fomentando a crítica construtiva, asumindo compromisos comúns,...

Co presente Plan de Convivencia preténdese elabora un documento que nos permita ter como referencia a disciplina, no seu sentido máis positivo, o respecto ás normas democráticas de convivencia, elaboradas e asumidas como propias por toda a comunidade educativa na aula, no centro ou en calquera actividade complementaria ou extraescolar, e que a propia autodisciplina guíe os nosos pasos na vida social.

1. ANÁLISE DA SITUACIÓN E DIAGNÓSTICO PREVIO DA CONVIVENCIA NO CENTRO

1.1. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E DO SEU ENTORNO.

SITUACIÓN:

O IES Miguel Ángel González Estévez está situado en O Carril, no concello de Vilagarcía de Arousa ubicado na comarca do Salnés, na provincia de Pontevedra.

1.2 DIAGNÓSTICO PREVIO DA CONVIVENCIA NO CENTRO.

Da recollida de datos obtidos da enquisa feita pola Consellaría de Educación, podemos destacar os seguintes resultados sobre a convivencia escolar e a percepción da mesma por parte da comunidade educativa:

Con respecto ao material e instalacións os problemas máis graves percibidos polo alumnado son, que dispoñemos de poucos ordenadores á súa disposición, que se tira moito lixo ao chan, e por outro lado o mal estado das mesas, paredes, aseos por mor de pintadas feitas por compañeiros/as.

Sobre a maneira de resolver os conflitos, o alumnado ten a sensación de que pode contar co profesorado, equipo directivo ou orientadora para resolver esa situación para arranxar situacións conflitivas. Pero tamén entenden que falar cos iguais é un bo xeito de reparar as diferencias.

Os espazos e momentos que o alumnado percibe como máis conflitivos son as entradas e saídas da clase e á saída e entrada do recinto do centro e obsérvanse situacións de



conflicto a través de internet, tanto a través do ordenador como do teléfono móbil.

En torno a un 18% do alumnado afirma ter sufrido algunha situación negativa de acoso, insultos ou agresións no centro, dándose case sempre esta entre os/as propios/as compañeiros/as de clase. Só un 5,8 % admite ter agredido a compañeir@s.

É de salientar tamén a percepción que o alumnado con máis anos no centro ten sobre a mellora da convivencia no último curso.

A maioría do profesorado 45% considera que nos últimos tres anos a convivencia no centro ten mellorado, e que os problemas de convivencia que pode haber son de carácter puntual.

Con respecto ás familias, o profesorado considera que o perfil máis habitual é o daquelas que amosan interese polos estudos dos seus fillos/as pero non fan un seguimento continuado da súa evolución escolar (45%).

Aínda que o número de respostas de nais e pais non é significativo, todas as que responden teñen expectativas académicas con respecto ás súas crianzas e coñecen o profesorado e responsábeis do centro. Cerca do 60% considera que a convivencia no centro mellorou nos últimos anos e considera que, ou non se dan conflitos ou estes son de carácter puntual. Todas consideran que a única conduta negativa que se dá de maneira xeral é o insulto.

1.3. ELEMENTOS PRINCIPAIS SOBRE A CONFLITIVIDADE DETECTADA NO CENTRO.

Desde un punto de vista metodolóxico **convén clasificar os problemas de convivencia que se observan no Centro**, identificando as situacións conflitivas en función dos comportamentos observables e das habilidades que as persoas poñen en xogo ou das que manifestan carecer en cada situación, dos obxectivos que parecen pretender coa conduta, e das consecuencias que se derivan da mesma.

• **Rexeitamento da aprendizaxe**

Comportamentos realizados para evitar as situacións de ensino/aprendizaxe propostas para o grupo: Non aceptar nin realizar tarefas encomendadas na clase ou para a casa, falta de estudo e traballo persoal, non traer os materiais de traballo, nin tarefas nin traballos encomendados. Neste caso o alumnado non interrompe a actividade lectiva. Este é uno dos principais problemas de convivencia escolar co que nos encontramos.

• **Trato inadecuado**

Comportamentos relacionados coa falta de respecto ás normas de urbanidade ou ás formas de relación social que se consideran aceptables. Desconsideración verbal ou



xestual cara aos compañeiros e compañeiras ou ao profesorado. Falar a destempo e cun ton improcedente. Destacar que nestas condutas non existe intención de ofender ou causar dano.

• **Condutas disruptivas**

Comportamentos obxectivamente non agresivos que deterioran ou interrompen o proceso de ensino e aprendizaxe da aula. Estas condutas orixínanse polas dificultades da persoa para adaptarse ao medio e con elas parece pretender chamar a atención do grupo ou do profesor e obter un estatus de poder na aula: erguerse sen permiso, desobedecer a/a profesor/a, interromper, molestar e non deixar dar clase. Estamos ante outro dos principais problemas de convivencia escolar no Centro. Sobre todo entre o alumnado que mostra rexeitamento á aprendizaxe e xa ve moi reducidas as súas posibilidades de promoción.

• **Incumprimento das normas.**

Non respectar nin cumprir as normas de convivencia que regulan o uso das instalacións, a asistencia a clase, a puntualidade, a orde e a limpeza no Centro, o consumo de tabaco e outras substancias prohibidas, o transporte escolar, a permanencia no recinto escolar, etc.

Aínda que a maioría do alumnado respecta e cumpre aceptablemente as normas de convivencia hai que continuar a facer campañas de limpeza do Centro, lembrando a puntualidade,...

• **Condutas agresivas**

Comportamentos levados a cabo intencionadamente para causar dano a unha persoa ou ás súas propiedades. Poden concretarse en:

- **Acoso físico, verbal e/ou psicolóxico entre iguais:** Insultar, ameazar, pegar, acosar, illar ou rexeitar.

- **Agresións entre iguais:** Resolver os asuntos de modo violento.

- **Furto, vandalismo, etc.:** Roubar pertenzas de outros compañeiros, do centro; destrución de materiais e mobiliario, ...

• **Acoso escolar.**

Existe acoso escolar cando un/ha alumno/a se ve exposto de forma repetida e deliberada a un maltrato verbal, físico, e/ou psicolóxico por parte dun compañeiro ou grupo de compañeiros, co obxecto de submetelo, apoucalo, asustalo e/ou amedrentalo, atentando contra a súa dignidade e integridade física ou moral.

É necesario distinguir entre acoso escolar e agresións esporádicas ou outras manifestacións violentas entre alumnado que non manteñen continuidade no tempo, nin



supoñen inferioridade dunha das persoas participantes no suceso. Entenderemos que existe unha situación de acoso entre escolares cando se dean simultaneamente as tres circunstancias seguintes:

- *Intención de facer dano.*
- *Reiteración de condutas agresivas.*
- *Desequilibrio de forzas entre acosador/a ou acosadores/as e vítima.*

Estamos ante condutas difíciles de avaliar porque, até a actualidade, non se manifestaron con nitidez no Centro. A pesar das dificultades en cualificar unha conduta como acoso escolar, extremamos a vixilancia e actuamos con contundencia ante os contados casos que mostraron algunha das súas características. Ademais, como medida preventiva, vimos realizando unha avaliación que nos permite ter identificados perfís de alumnado que pode converterse en posibles acosadores/as e acosados/as.

1.4. OBXECTO, FINS E PRINCIPIOS DO PLAN.

O plan de convivencia do centro é o documento no cal se articula a convivencia escolar, que garante unha educación no exercicio dos dereitos e das liberdades dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e na súa resolución pacífica.

Nesta liña, tomando como referencia o artigo 3 da Lei 4/2011 contemplamos coma fins e principios do noso Plan de Convivencia:

- A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de xeito óptimo os recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado no posto escolar.
- A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.
- A prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.
- O recoñecemento ao profesorado, en especial aos membros dos equipos directivos dos centros docentes, das facultades precisas para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica adecuada ás súas funcións.
- A corresponsabilidade das nais e pais ou das titoras ou titores no mantemento da convivencia nos centros docentes, como un dos principais deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.



- Promover a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas, avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e a mellora da convivencia escolar.
- Avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.
- A promoción da sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.

Por ende, serán **obxectivos xerais do Plan de Convivencia**, dende o marco do artigo 12 de Decreto 8/15:

- Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa promoción da cultura de paz, a prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
- Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.
- Fomentar no centro educativo os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- Facilitar a prevención, detección, tratamento, seguimento, xestión e resolución dos conflitos que poidan producirse no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
- Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- Facilitar a conciliación e/ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
- Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.
- Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.
- Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e liberdades fundamentais.



2. OBXECTO, FINS E PRINCIPIOS DO PLAN DE CONVIVENCIA DERIVADOS DA ANÁLISE PREVIA.

Para a mellora da convivencia no noso centro, formulamos a continuación, os seguintes obxectivos específicos, froito do consenso que o centro propón para acadar a mellora da convivencia:

- Concienciar ao Claustro, familias, alumnado, así como ao resto de axentes da comunidade educativa, sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar que permita mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.
- Dotar á comunidade educativa de instrumentos para unha detección e resolución pacífica de conflitos a través da Comisión de Convivencia do centro.
- Establecer medidas de coñecemento e aceptación das normas do centro por parte de toda a comunidade educativa.
- Implicar ás familias no Plan de Convivencia, a través da difusión tanto do Plan de Convivencia coma das Normas de Organización e Funcionamento do Centro.
- Organizar actividades preventivas dende o Plan de Acción Titorial, que persigan a cultura do diálogo, a mediación e a resolución pacífica dos conflitos baseada no diálogo.
- Fomentar o respecto entre os membros da comunidade, así coma a integración de todos os/as alumnos/as no centro.
- Integrar a perspectiva de xénero no traballo cara ao éxito escolar e garantir que a formación inicial e ao longo da vida, acolle a todo o alumnado na súa diversidade: étnica, de xénero,...
- Promover a formación permanente do profesorado en temas relacionados coa convivencia e que se estenda progresivamente a todos os sectores implicados.
- Potenciar a labor da Comisión de Convivencia.
- Establecer liñas de colaboración e comunicación con outras institucións que contribúan á mellora da convivencia no centro: concello, benestar, xustiza, igualdade,...
- Fomentar a realización de actividades que potencien a convivencia.
- Elaborar de forma consensuada as normas de convivencia do centro e aula.

3. ACTUACIÓNS, MEDIDAS OU PROGRAMAS QUE SE VAN A DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA INCLUÍNDO MEDIDAS PREVENTIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN E ACTUACIÓNS ORGANIZATIVAS. CURRICULARES E DE COORDINACIÓN.

Produto dos acordos e compromisos de toda a comunidade educativa, contémpanse as seguintes actuacións, descritas estas en relación aos seguintes axentes:

3.1. Actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras

I. Actividades do plan de Acollida:

DENOMINACIÓN	Plan de acollida novo alumnado.
TIPO	Prevenção.
DESTINATARIOS	Alumnado.
OBXECTIVO	Informar ao alumnado novo sobre o funcionamento xeral do centro e as normas de convivencia, aportándolle puntos de referencia e transmitíndolles seguridade e tranquilidade.
ACTIVIDADES	Recepción polo equipo directivo e departamento de orientación, xunto co profesorado titor. Semana de acollida para o alumnado de primeiro da ESO con actividades deseñadas.
METODOLOXÍA	Recibimento e acompañamento polo centro e ata a súa aula por parte do profesorado titor.
RESPONSABLES	Equipo directivo, departamento de orientación, comisión de convivencia e profesorado titor.
TEMPORALIZA.	Primeira semana de curso ou cando sexa preciso.
RECURSOS	Resumo dos dereitos e deberes dos alumnos/as. Normas de organización funcionamento e convivencia. Recomendacións Xerais.

DENOMINACIÓN	Plan de acollida do
---------------------	----------------------------



	profesorado de nova incorporación ao instituto.
TIPO	Prevenção.
DESTINO	Profesorado.
OBXECTIVO	Favorecer unha rápida integración no funcionamento do instituto. Propiciar o clima de confianza e colaboración axeitado para un mellor desenvolvemento das actividades docentes e a aplicación das normas de convivencia.
ACTIVIDADES	Presentación de todo o profesorado facilitándolle a documentación necesaria e dándolle información dos aspectos máis comúns no funcionamento do centro.
METODOLOXÍA	Reunión e entrevistas.
RESPONSABLES	Equipo directivo.
TEMPORALIZA.	Preferiblemente no primeiro claustro do curso ou cando sexa preciso.
RECURSOS	Diversos modelos de documentación, NOF, etc..

DENOMINACIÓN	Plan de acollida as familias.
TIPO	Prevenção.
DESTINO	Pais/nais ou titores legais.
OBXECTIVO	Mellorar a colaboración e implicación das familias en todo o que respecta ao comportamento do alumnado no instituto.
ACTIVIDADES	Xornadas de Portas Abertas para as familias de nova incorporación ao centro. Xornadas informativas para as familias do centro: elección de materias, itinerarios formativos,... Comunicacións ás familias. Reunión cos pais/nais despois da avaliación inicial.
METODOLOXÍA	Información nas reunións presenciais.
RESPONSABLES	Equipo directivo, dpto. de orientación

	e titores/as.
TEMPORALIZA.	Período de matrícula e principio de curso.
RECURSOS	Resumo dos dereitos e deberes do alumnado. Normas de convivencia.

II. Actividades que incorporen aspectos que supoñan a incorporación de aspectos relacionados co autoconceito, a autoestima e a educación afectivo-sexual.

DENOMINACIÓN	Desenvolvemento dun adecuado autoconceito persoal e autoestima
TIPO	Intervención.
DESTINO	Alumnos e alumnas.
OBXECTIVO	Conseguir un autoconceito e autoestima persoal e social adecuado.
ACTIVIDADES	Plan de Acción Titorial.
METODOLOXÍA	Métodos audiovisuais e debates.
RESPONSABLES	Departamento de orientación, Xefatura de estudos, profesorado Titor/a.
TEMPORALIZA.	Durante todo o curso.
RECURSOS	Material didáctico e audiovisual.

DENOMINACIÓN	Sensibilización e prevención contra o maltrato entre iguais.
TIPO	Intervención e prevención.
DESTINO	Alumnos e alumnas.
OBXECTIVO	Desenvolver unha educación afectivo sexual dentro da diversidade.
ACTIVIDADES	Plan de Acción Titorial.
METODOLOXÍA	Métodos audiovisuais e debates.
RESPONSABLES	Departamento de orientación, profesorado Titor/a.
TEMPORALIZA.	Durante o primeiro e segundo trimestre.
RECURSOS	Material didáctico e audiovisual.

III. Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr situacións de violencia de xénero

DENOMINACIÓN	Sensibilización e prevención contra o maltrato entre iguais.
TIPO	Intervención.
DESTINO	Alumnos e alumnas.
OBXECTIVO	Previr o maltrato entre iguais.
ACTIVIDADES	Plan de Acción Titorial.
METODOLOXÍA	Métodos audiovisuais e debates.
RESPONSABLES	Departamento de orientación, Xefatura de estudos, profesorado titor.
TEMPORALIZA.	Durante o primeiro e segundo trimestre.
RECURSOS	Material didáctico e audiovisual.

IV. Actividades dirixidas a sensibilización da comunidade educativa na no discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social.

DENOMINACIÓN	Sensibilización e prevención contra a discriminación.
TIPO	Sensibilización e prevención.
DESTINO	Alumnos e alumnas.
OBXECTIVO	Previr a discriminación entre iguais.
ACTIVIDADES	Plan de Acción Titorial.
METODOLOXÍA	Métodos audiovisuais e debates.
RESPONSABLES	Departamento de orientación, Xefatura de estudos, profesorado titor.
TEMPORALIZA.	Durante todo o curso.
RECURSOS	Material didáctico e audiovisual.

V. Programa de adquisición de habilidades e competencias sociais para o alumnado, a xestión pacífica de conflitos, a dinámica de grupos, e o traballo cooperativo.

DENOMINACIÓN	Programa de Habilidades Sociais e prevención da violencia
TIPO	Prevenición.
DESTINO	Alumnos e alumnas.
OBXECTIVO	Mellorar as capacidades do alumnado no tocante á convivencia e axudar a saber actuar en situacións de conflito.
ACTIVIDADES	Descritas no PAT.

METODOLOXÍA	Ver o Programa de Habilidades Sociais.
RESPONSABLES	Departamento de orientación, Xefatura de estudos, profesorado titor e profesionais invitados.
TEMPORALIZA.	Durante todo o curso.
RECURSOS	Consultar programa de Habilidades Sociais.

VI. Aula de convivencia formativa- Inclusiva

Considerando a aula de convivencia inclusiva como un lugar para a prevención e corrección, e formulándoa como unha alternativa á expulsión do Centro cando a Dirección o considere idóneo, os **obxectivos específicos** da creación de esta aula son os seguintes:

Habilitar un lugar que proporcione ao alumnado as condicións necesarias para reflexionar sobre a propia conduta, mellorando a súa competencia social.

Posibilitar que aprendan a responsabilizarse das súas propias accións, pensamentos e sentimentos.

Desenvolver a intelixencia emocional, formar en valores e habilidades sociais e mellorar a autoestima e o autocontrol.

Favorecer o desenvolvemento de actitudes cooperativas e de respecto.

Criterios:

O alumnado que amose condutas contrarias a unha convivencia adecuada no centro educativo, tras tres partes de incidencias acudirán á aula de convivencia formativa-inclusiva que se desenvolverá en horario de tarde os mércores con actividades formativas para conseguir os obxectivos aquí deseñados.

O desenvolvemento desta aula será a cargo do equipo Directivo.

3.2. Actuacións para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar e ciberacoso, coas seguintes previsións.

- I. Realización de campañas de sensibilización contra o acoso escolar, dirixidas a toda a comunidade educativa, que axuden a previlo e a preparar para detectalo e reaccionar e intervir fronte a este.

DENOMINACIÓN	Recollida de información do alumnado.
TIPO	Prevenición.
DESTINO	Alumnos e alumnas.
OBXECTIVOS	Detectar conflitos/necesidades do alumnado.
ACTIVIDADES	Reunións coa Xunta de delegados/as Informes do alumnado, individuais e de grupo.
METODOLOXÍA	Reunións de profesorado titor e orientadora. Enquisas a través da titoría: elaboración de sociograma.
RESPONSABLES	Departamento orientación, Xefatura de estudos e profesorado-titor.
TEMPORALIZA.	Semanal/trimestral segundo actividade
RECURSOS	Cuestionario académico. Enquisas para prever situacións conflictivas e Bulling. Enquisas referentes á marcha do curso.

DENOMINACIÓN	Difusión dos dereitos e deberes do alumnado e das normas de Organización, funcionamento e convivencia.
TIPO	Prevenición (Dende a aula, a través da Acción Titorial)
DESTINATARIOS	Alumnado.
OBXECTIVO	Concienciar ao alumnado dos beneficios para todos/as do respecto ás normas de convivencia.
ACTIVIDADES	Difusión do plan de acollida para o



	<p>alumnado novo. Difusión do plan de acción titorial.</p> <p>Difusión do Plan de Convivencia e as NOFC.</p> <p>Establecemento das Normas de Aula.</p>
METODOLOXÍA	Explicación e realización de actividades participativas nas titorías.
RESPONSABLES	Profesorado Titor.
TEMPORALIZACIÓN	Mes de setembro.
RECURSOS	Resumo dos dereitos e deberes do alumnado. Resumo NOFC .

DENOMINACIÓN	Asembleas de clase sobre a Convivencia e marcha do grupo
TIPO	Intervención.
DESTINO	Alumnos e alumnas.
OBXECTIVO	Analizar a marcha da convivencia en cada grupo e propor actuacións de mellora e comunicación das conclusións aos Equipos Educativos de cada grupo.
ACTIVIDADES	Asembleas e debates nas sesións de titoría e presentación dos resultados nas sesións de avaliación trimestral.
METODOLOXÍA	O Departamento de Orientación e a Xefatura de Estudos elaboran un cuestionario sobre a convivencia en clase. O titor/a aplica o cuestionario ao seu alumnado con obxecto de que cada un reflexione sobre os ítems incluídos no mesmo. Seguidamente realízase un debate sobre os temas que afecten á clase. Sácanse conclusións e acórdanse medidas de mellora. A persoa titora, cos/coas representantes de cada grupo, leva as conclusións e as propostas de mellora á Sesión de Avaliación para que o profesorado do grupo as coñezan e podan contribuír a mellorar o clima da clase.
RESPONSABLES	Departamento de orientación, Xefatura de estudos, profesorado



	titor e alumnado.
TEMPORALIZACIÓN	Unha vez ao final de cada trimestre n u n h a reunión de Orientación cos titores/as; n a última sesión de tutoría previa á sesión de Avaliación e na Sesión de Avaliación trimestral.
RECURSOS	Cuestionario sobre a convivencia e posterior debate.

DENOMINACIÓN	Plan de actuación en caso de acoso escolar
TIPO	Intervención.
DESTINO	Profesorado e alumnos e alumnas.
OBXECTIVO	Identificar e detectar os casos de acoso escolar. Coñecer protocolo actuación.
ACTIVIDADES	Contidas no protocolo.
METODOLOXÍA	Seguimento a través das reunións co profesorado titor/a.
RESPONSABLES	Profesorado.
TEMPORALIZA.	Durante todo o curso.
RECURSOS	Consultar Protocolo.

Así coma outras actuacións de carácter máis xeral coma:

- O profesorado-titor e so seu alumnado redactarán as normas de aula que rexerán a vida na aula e o uso dos recursos da mesma.
- A través da tutoría traballaranse actividades que fomenten e melloren a convivencia no instituto ou actúen como prevención dos conflitos. Realizaranse actividades para fomentar e mellorar a convivencia nas horas de tutoría con alumnos/as. Estas actividades estarán recollidas no Plan de Acción Titorial (P.A.T) e levaranse a cabo en colaboración co Departamento de Orientación.
- Introducir as faltas no Xade-Web por parte de cada profesor/a. Cada profesor/a introducirá directamente no Xade-Web, as faltas do seu alumnado na sesión correspondente. A persoa titora será a responsable de controlar a xustificacións das faltas de asistencia.
- Todo o profesorado se implicará, segundo as funcións que se lle asignen, nas actividades que se programen no centro.

II. Establecemento de canles específicas que faciliten ás vítimas a exteriorización das situacións de acoso escolar.

En todas as actividades deseñadas no punto anterior traballarase as canles específicas para facilitar as vítimas a exteriorización das situacións de acoso como quedan aquí indicadas:

Titor/a de grupo, como persoa de contacto cos seus alumnos/as.

Departamento de Orientación, coa orientadora e a confidencialidad do Departamento.

Equipo Directivo.

Buzón de comunicación entre todo o alumnado o Departamento de Orientación e o Equipo Directivo.

III. Determinación de medidas que deben adoptarse en caso de detección dunha situación de acoso escolar para porlle fin, sen prexuício das correccións disciplinarias que correspondan

- TIPOS DE ACOSO ESCOLAR.

De xeito esquemático podemos considerar os seguintes tipos ou manifestacións do acoso (informe do Defensor do Pobo-UNICEF, 2000 e 2007).

Tipos de acoso	Modalidade de acoso	Manifestación
Exclusión e marxinación social	Activa	Non deixar participar.
	Pasiva	Ignorar.
Agresión verbal	Directa	Insultar, poñer alcumes ofensivos...
	Indirecta	Falar mal de alguén ás súas costas.
Agresión física	Directa	Pegar.
	Indirecta	Agachar cousas.
		Romper cousas. Roubar cousas.
Maltrato	Mixto	Ameazar para meter medo.
		Ameazar con armas.
		Obrigar a facer algo con ameazas (chantaxe).
	Acoso sexual físico	Actos.
	Acoso sexual verbal	Comentarios.
Notas		
<p>Exemplos de manifestación cando se produce exclusión e marxinación social: minan a autoestima da persoa e fomentan a súa sensación de temor, rexeitamento, marxinación, humillación, ridiculización das súas opinións, burlas, acoso ou xestos de asco, desprezo ou agresividade dirixidos contra a vítima, pretende illar á persoa do resto do grupo e compañeiras ou compañeiros, no grupo e no centro. Exclusión, non dirixirle a palabra, difusión de rumores e calumnias contra a vítima e o seu aspecto..., na súa presenza ou na súa ausencia, comentarios relativos sobre o grupo ao que pertence (sexo, raza, relixión...), outros.</p> <p>Exemplos de manifestación cando se produce agresión verbal: palabras insultantes, humillacións, alcumes, ameazas, provocacións, desprestixio ou difusión de falsos rumores, menosprezos e ridiculización en público, resaltar defectos físicos, outros.</p>		



Exemplos de manifestación cando se produce agresión física: incomodar (descolocarlle as cousas, tirar da roupa), intimidacións (ameazas de violencia física, amago de pegarlle...), maniféstase a través de agresións leves ou graves directas (asustar, golpes illados, empurróns, patadas, puñados, beliscos, golpes, tundas, pegar...), extorsións, furtos, roubos, danar as pertenzas da vítima, agocharlle as cousas (maltrato indirecto), uso de calquera obxecto para arremeter contra a persoa, outros.

A **Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa**, dedica integramente o capítulo III do Título II á prevención e tratamento das situacións de acoso escolar.

O artigo 30 desta Lei, establece que o goberno galego elaborará o devandito protocolo, que usaremos como marco de referencia para previr e abordar eficazmente as posibles situacións de acoso escolar en calquera das súas manifestacións.

A persoa responsable do centro ou, de ser o caso, calquera outro membro do equipo directivo por delegación expresa daquel, dirixirá todas as actuacións que se deriven do desenvolvemento do presente protocolo.

O protocolo de actuación ten por obxecto que o profesorado dun centro educativo saiba como actuar ante posibles casos de acoso, pois é imprescindible que se actúe de xeito inmediato e decidido tanto co alumnado implicado (víctima, agresor ou agresores e espectadores) coma coas súas familias.

Este protocolo básico de actuación, así como os seus anexos, están recollidos na dirección de internet: <http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal> e presenta a seguinte estrutura:

PRIMEIRA FASE: COÑECEMENTO DA SITUACIÓN. IDENTIFICACIÓN E COMUNICACIÓN.

- Comunicación sobre unha posible situación de acoso escolar (*anexo 1 do protocolo*).
- Medidas urxentes de protección á presunta vítima.
- Designación dunha persoa responsable da atención e apoio á presunta vítima (*anexo 2 do protocolo*)
- Primeira comunicación ás familias do alumnado implicado (*anexo 3 e 4 do protocolo*)
- Nomeamento dunha persoa responsable das indagacións previas, se procede (*anexo 5*)
- Comunicación a outros profesionais educativos e/ou axentes externos (*anexo 6*)



Primeira fase Coñecemento, identificación e comunicación da situación							
Comunicación á dirección e rexistro desta comunicación (anexo 1)							
Adopción das primeiras medidas							
Medidas urxentes de protección á presunta vítima		Designación dun responsable de atención á presunta vítima		Comunicación ás familias do alumnado implicado		Designación dun responsable das averiguacións previas	Comunicación a outros profesionais educativos e/ou axentes externos
		Anexo 2		Anexos 3 e 4		Anexo 5	Anexo 6

SEGUNDA FASE: RECOLLIDA DE INFORMACIÓN E REXISTRO

- Recollida inicial de información (anexo 7 do protocolo)
- Entrevista inicial á presunta vítima (anexo 8 do protocolo)
- Entrevista individual á/s persoa/s posible/s responsable/s do acoso (anexo 9 do protocolo)
- Entrevista individual ás persoa/s observadoras/espectadoras (anexo 10 do protocolo)
- Entrevista individual ás familias. Citación para entrevista ás familias da persoa acosada e da persoa ou persoas posible/s acosadora/s (anexos 11 e 12 do protocolo)
- Solicitud de asesoramento e/ou apoio técnico ao departamento de orientación do centro (anexo 13 do protocolo)
- Solicitud de asesoramento a outros profesionais educativos e/ou organismos ou axentes externos, especialmente en caso de ciberacoso (anexo 14 do protocolo).



Segunda fase **Recollida e rexistro da información** (anexo 7)

Entrevista individual á presunta vítima		Entrevista á/s persoa/s presuntamente responsable/s		Entrevista ás persoas observadoras/espectadoras		Entrevista ás familias implicadas		Solicitude de asesoramento e/ou apoio técnico	
								Departamento de orientación	Outros profesionais educativos e/ou axentes externos
Anexo 8		Anexo 9		Anexo 10		Anexos 11 e 12		Anexo 13	Anexo 14

TERCEIRA FASE: ANÁLISE DA INFORMACIÓN E ADOPCIÓN DE MEDIDAS

- Análise da información (anexo 15 do protocolo)
- Adopción de medidas educativas:
 - Medidas de protección á presunta vítima (anexo 16 do protocolo)
 - Medidas reeducadoras e correctoras para a/s persoa/s agresora/s unha vez instruído o expediente e confirmado o acoso.
 - Outras medidas (anexo 16 do protocolo)



Terceira fase **Análise da información e adopción de medidas**

(anexo 15)

Comunicación á dirección da información recadada

					Apertura de expediente (se procede)	
Adopción de medidas educativas (con independencia do proceso corrector)				Non	Si	
Protección e apoio á presunta vítima	Outras medidas				Medidas reeducadoras para a/s persoa/s agresora/s	Medidas provisionais para a/s persoa/s agresoras
	Alumna do	Familias	Equipo docente			
Anexo 16	Anexo 16				Ver modelos normalizados	

CUARTA FASE: SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DAS MEDIDAS ADOPTADAS

A dirección debe responsabilizarse de que se leven a cabo as medidas previstas e informará ao Servizo de Inspección Educativa do seu grao de consecución, segundo a temporalización prevista.

Cuarta fase **Seguimento e avaliación das medidas adoptadas**

Medidas		Grao de consecución		Avaliación
Anexo 16		Anexo 16		Anexo 16

ESTRATEGIAS DE PREVENCIÓN DE ACOSO.

Podemos falar de:

Estratexias organizativas e de prevención no centro.

A nivel organizativo levaranse a cabo as seguintes estratexias:

- Promover a participación na elaboración e revisión dos documentos de centro, destacando os valores e normas que pretenden desenvolver actitudes de igualdade,



respecto e diálogo, fomentando o consenso na toma de decisións.

- Impulsar a creación e a actuación de comisións de mediación para a resolución de conflitos.
- Establecer canles para a denuncia de situacións de acoso ou maltrato con garantía de confidencialidade: caixa de reclamacións, queixas e suxestións; taboleiro de denuncias e queixas vía telemática, correo electrónico de solicitude de axuda, ...
- Ao comezo do curso, dedicar tempo nas sesións de titoría para traballar co respecto as normas de convivencia e facer reforzo ao longo do ano académico.
- Adopción de acordos entre o profesorado de respecto dos criterios de esixencia de normas e tratamento da disciplina coa finalidade de manter unha liña de conduta coherente, uniforme e sistemática.
- Deseño de actividades e formas de organización que posibiliten a participación do alumnado na formulación das normas do centro/aula, establecemento de sancións, difusión e avaliación do cumprimento, dentro do marco normativo.
- Potenciar o funcionamento da comisión da convivencia.
- Promover encontros, conferencias e obradoiros para a toda a comunidade educativa, orientados á construción dunha convivencia positiva.
- Vixiar as zonas comúns (aseos, corredores, recreos, entradas e saídas, ...).
- Establecer reunións periódicas dos titores por niveis co obxecto de deseñar accións conxuntas para a mellora da convivencia no centro.
- Potenciar un estilo de dirección que favoreza a participación e a comunicación dos problemas.
- Incluír nas programacións dos diferentes departamentos, para desenvolver ao longo do curso, a realización dalgún traballo cooperativo entre o alumnado.
- Incorporar no plan de acción titorial actividades para analizar o clima de aula e establecer as normas de convivencia.
- Elaborar boletíns informativos para a comunidade educativa recollendo os aspectos máis relevantes da vida do centro.
- Adoptar estratexias organizativas que posibiliten a implicación de todo o profesorado nos labores titoriais.
- Potenciar o funcionamento da xunta de delegados/as do centro.
- Promover desde a comisión de convivencia actividades informativas e formativas para nais e pais en relación cos temas de convivencia.

Estratexias de prevención na aula.

Neste caso as estratexias a seguir serían:

- Potenciar a participación de todo o alumnado nas actividades evitando as exclusións.
- Realización de entrevistas individuais co alumnado que rexeita os seus compañeiros, recollendo información e reflexionando sobre as actitudes de rexeitamento cara aos compañeiros e compañeiras procurando que se poñan no lugar do rexeitado e perciban os seus sentimentos.
- Coidar as relacións entre o profesorado e as familias, de xeito que constitúan un modelo para as relacións entre o alumnado.
- Ensinar a dialogar como un medio para confrontar ideas, defender os nosos puntos de vista, argumentalos, fomentando todas as actitudes básicas que o fan posible, para facer do diálogo unha estratexia habitual nas situacións da vida do centro.
- Fomentar a través do traballo en grupo a valoración persoal de cada alumno, axudando a que perciban que as súas achegas son importantes para o grupo.
- Expresar adecuadamente as emocións, recoñecer as dos demais e asumir actitudes de respecto cara ás emocións dos demais. Desenvolver a empatía, poñéndose no lugar dos outros.
- Identificar as situacións de violencia/abuso.
- Aplicar programas específicos para o traballo de valores coma o respecto e a solidariedade, habilidades básicas de interacción social e hábitos e actitudes que fomenten a

convivencia, dedicando tempo semanal a este tipo de programas.

- Proporcionarlle ao alumnado unha educación para a igualdade entre mulleres e homes. Cuestionar e rexeitar os estereotipos sexistas (na publicidade, na linguaxe, nas relacións interpersoais, nos xogos...).

3.3. Protocolo de absentismo

DENOMINACIÓN	Plan de actuación nos casos de absentismo
TIPO	Intervención.
DESTINO	Alumnos e alumnas.
OBXECTIVO	Detectar coa maior brevidade posible os casos de absentismo. Facer diminuír o nº de alumn@s absentistas mediante actuacións

	coordinadas: IES, Familia e Servizos Sociais.
ACTIVIDADES	Contidas no Protocolo de Absentismo.
METODOLOXÍA	Seguimento a través das reunións de profesorado titor con D.O.
RESPONSABLES	Todo o profesorado.
TEMPORALIZACIÓN	Durante todo o curso.
RECURSOS	Protocolo de Absentismo.

PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN E O CONTROL DO ABSENTISMO ESCOLAR.

A Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación, dispón que “Todas e todos os españois teñen dereito a unha educación básica que lles permita o desenvolvemento da súa propia personalidade e a realización dunha actividade útil á sociedade. Esta educación será obrigatoria e gratuíta no nivel de educación xeral básica e, no seu caso, na formación profesional de primeiro grao, así como nos demais niveis que a lei estableza”. Pola súa parte, a Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, establece que a educación primaria e a educación secundaria obrigatoria constitúen o ensino básico, que ten carácter obrigatorio e gratuíta e comprende dez anos de escolaridade; e se desenvolve, de forma regular, entre os seis e os dezaseis anos de idade.

O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, establece que unha das prioridades da consellería con competencias en materia de educación é “Asegurar a permanencia do alumnado no sistema educativo durante, cando menos, as etapas obrigatorias” e que “Esta actuación levarase a cabo directamente ou en colaboración con outras administracións ou entidades sen ánimo de lucro que realicen accións preventivas respecto do absentismo escolar”.

Para dar resposta a todo elo a Xunta de Galicia, publicou ao amparo de Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2015/20, educonvives.gal, o Protocolo Educativo para a Prevención e o Control do Absentismo Escolar.

(http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protocolo_de_absentismo_escolar.pdf)

Nesta liña entendemos por Absentismo, tal como establece o artigo 22 do citado decreto 229/2011, do 7 de decembro, absentismo é a ausencia ao centro escolar sen causa debidamente xustificada do alumnado en idade de escolarización obrigatoria. Para ser considerado absentismo, esta ausencia debe supor un mínimo do dez por cento (10 %) do horario lectivo mensual.



No tocante ao Expediente de Absentismo enténdese o conxunto de documentos nos que se recollen as actuacións derivadas da aplicación do protocolo de absentismo. O expediente de absentismo custodiarase na secretaría do centro educativo, formando parte do expediente da alumna ou do alumno. A ese expediente iranse incorporando, de ser o caso, todos aqueles documentos que teñan algunha relación coa súa tramitación ou resolución.

Procedemento

Inicio do expediente. Cando o profesorado titor verifique que unha alumna ou un alumno presenta un número de faltas de asistencia a clase sen xustificar superior ao dez por cento (10 %) do horario lectivo dun determinado mes proporá, co visto e prace da dirección do centro educativo, o inicio dun expediente de absentismo e comunicará a situación á xefatura de estudos. O inicio dese expediente deberá realizarse, como máximo, dentro dos sete días naturais seguintes á data na que as faltas de asistencia a clase sen xustificar superaron o dez por cento (10 %) do horario lectivo mensual (ANEXO III do protocolo).

Tramitación do expediente.

a) Activado o protocolo de absentismo, a xefatura de estudos recollerá información de todos os profesionais que realizan algunha actuación e incorporará ao rexistro de contactos (ANEXO IV do protocolo), indicando: data da intervención, motivo da intervención, forma de contacto, persoa do centro que realizou a intervención, conclusións da intervención ou resposta da familia

b) Detectada unha situación de absentismo, o profesorado titor convocará a nai, o pai ou as persoas titoras legais ou gardadoras da alumna ou do alumno a unha entrevista para analizar e resolver esa situación, de ser o caso (ANEXO V do protocolo). Desá reunión levantará acta o profesorado titor (ANEXO VI do protocolo). c) Se coa intervención do profesorado titor se reconduce a situación, paralizarase o proceso e arquivarase o expediente.

d) O profesorado titor informará a xefatura de estudos dos resultados da reunión anterior. No caso de que non se producise o arquivo do expediente, a xefatura de estudos convocará a nai, o pai ou as persoas titoras legais ou gardadoras da alumna ou do alumno a unha entrevista para analizar a situación creada e tratar de buscar unha solución (ANEXO VII do protocolo), e levantará acta desa reunión (ANEXO VIII do protocolo). De reconducirse a situación, paralizarase o proceso e arquivarase o expediente.

e) A xefatura de estudos cubrirá o rexistro de cumprimento das distintas actuacións establecidas no expediente de absentismo (ANEXO IX do protocolo), indicando, cando menos: a data na que as faltas de asistencia a clase sen xustificar superaron o dez por cento (10 %) do horario lectivo mensual, a data de apertura do expediente de absentismo



dentro dos sete días naturais seguintes á superación da porcentaxe indicada no apartado anterior. No caso de non cumprir con algunha das actuacións previstas, a xefatura de estudos informará sobre as causas dese incumprimento mediante dilixencia no propio rexistro.

f) De non producirse o arquivo do expediente nalgunha das actuacións anteriores, a dirección do centro educativo notificarao ao Servizo Territorial de Inspección Educativa correspondente e ao Concello de residencia da alumna ou do alumno (ANEXO X do protocolo), xunto coa listaxe de faltas de asistencia a clase non xustificadas e o rexistro de cumprimento das actuacións e dos prazos nas que se desenvolveron. Esta notificación producirase no prazo dos trinta días naturais desde o inicio do expediente de absentismo.

Documentos que conforman o expediente. O expediente de absentismo conformarano, como mínimo, os seguintes documentos:

1. Rexistro de contactos do centro educativo coa nai, co pai ou coas persoas titoras legais ou gardadoras do alumnado, que elabora a xefatura de estudos.
2. Acta da entrevista do profesorado titor coa nai, co pai ou coas persoas titoras legais ou gardadoras do alumnado, e co propio alumnado, de ser o caso.
3. Acta da entrevista da xefatura de estudos coa nai, co pai ou coas persoas titoras legais ou gardadoras do alumnado, e co propio alumnado, de ser o caso.
4. Listaxe de faltas de asistencia a clase non xustificadas.
5. Rexistro de cumprimento das distintas actuacións. De ser o caso, informe da xefatura de estudos sobre os motivos do incumprimento dalgunha actuación.
6. Notificación do expediente de absentismo.

NOTIFICACIÓN DOS INDICIOS DE DESPROTECCIÓN. Con independencia da realización das accións previstas neste protocolo, en calquera momento no que o profesorado do centro educativo aprecie indicios de desprotección nun alumno ou nunha alumna deberá poñelo, inmediatamente, en coñecemento do Concello de residencia do alumno ou da alumna, ou ben notificalo a través do Rexistro Unificado de Maltrato Infantil (RUMI) <https://rumi.benestar.xunta.es>.

3.4. ACTUACIÓNS FORMATIVAS, PARA O PROFESORADO E A COMUNIDADE EDUCATIVA, ESTABLECIDAS NOS PLANS DE CONVIVENCIA.

3.4.1. FORMACIÓN DO PROFESORADO.

No curso actual estamos traballando en dúas actividades formativas englobadas dentro dun Plan de Formación Permanente do Profesorado.

A primeira, denominada **Plan de Igualdade**, aborda a situación da Igualdade de Xénero



no centro, e a segunda denominada **Elaboración de documentos**, baséase nun traballo de elaboración e/ou actualización dalgúns dos documentos do centro.

En calquera dos dous casos as accións do profesorado neste Plan de Formación Permanente enfócase no desenvolvemento da mellora da convivencia no centro.

3.4.2. ESCOLA DE PAIS E NAIS.

Aínda que houbo algunha proposta de poñela en funcionamento, na actualidade non funciona no noso centro a Escola de Pais e Nais.

3.5. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO E PROTOCOLO DE ACTUACIÓN.

3.5.1 NORMAS DE CONVIVENCIA.

Están reguladas pola Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (D.O.G. Nº 136, 15-xullo-2011), e o Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro polo que se desenvolve a Lei anterior (D.O.G. Nº 17, 27-xaneiro-2015).

3.5.1.1. Dereitos e deberes do alumnado.

3.5.1.1.1 Dereitos.

- Recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
- Ser respectada a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
- Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.
- Participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa.
- Participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.
- Recibir unha formación que garanta o pleno desenvolvemento da súa personalidade intelectual, afectiva, moral e cívica.
- Ser avaliados obxectivamente.
- Poder revisar todos os exames tanto ordinarios como extraordinarios.
- Coñecer a programación de contidos mínimos e criterios de avaliación elaborada polos distintos departamentos didácticos.



- Recibir información sobre o seu rendemento académico.
- Recibir orientación escolar e profesional.
- Non ser discriminados por razón de sexo, raza, relixión ou ideoloxía.

3.5.1.1.2 Deberes.

- Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.
- Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
- Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
- Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.
- Respetar as instalacións e mobiliario do centro, e repoñelo ou abonalo se é deteriorado por uso indebido.
- Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia do centro.
- Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
- Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.
- Permanecer nas aulas durante o horario lectivo aínda que falte un/unha profesor/a, e durante os cambios de clase.
- Manter as mesmas pautas de conduta esixidas no centro cando se realicen actividades fóra do mesmo.
- Manter os móbiles desconectados dentro do centro, e evitar o uso de calquera aparello de imaxe e son que interrompa o funcionamento normal da aula. Prohíbese a realización de fotografías o gravación de imaxes.
- Contribuír ao aforro no centro mantendo condutas ecolóxicas no uso de recursos e materiais.



NORMAS BÁSICAS DE CONVIVENCIA NO CENTRO

- a) **Puntualidade.** O alumnado deberá estar na aula no momento en que soe o timbre no inicio da xornada académica e especialmente despois dos recreos.
- b) **Utilización do teléfono móbil e outros aparellos electrónicos.** Non se pode utilizar o teléfono móbil en todo o recinto do centro salvo que sexa autorizado por un/unha profesor/a.
- c) **Saídas da aula entre clase e clase.** Non está permitido abandonar a aula entre unha clase e a seguinte (excepto cando sexa obrigado cambiar de aula)
- d) **Tratar respectuosamente ao profesorado e ós/ás compañeiros/as.**
- e) **Non fumar dentro do recinto do centro.**
- f) **Realizar o traballo requerido polo/a profesor/a para facer na casa.**
- g) **Realizar durante o tempo de clase o traballo asignado polo/a profesor/a.**
- h) **Traer a clase o material de traballo.**
- i) **Non saír do centro sen autorización.**
- k) **Manter o centro limpo. Separar os residuos, utilizando para elo os contedores correspondentes.**

3.5.1.2. Dereitos e deberes das nais e pais ou persoas titoras/es.

3.5.1.2.1 Dereitos.

As nais e pais ou as titoras ou titores, en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, son titulares dos seguintes dereitos de convivencia e participación, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

- A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
- A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes.
- A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros docentes.
- A ser oídos, nos termos previstos por esta lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
- A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.



3.5.1.2.2 Deberes.

Así mesmo, como primeiros responsables da educación dos seus fillos/as, teñen os seguintes deberes:

- Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e cos centros docentes.
- Coñecer as normas establecidas polos centros docentes, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
- Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
- Colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

3.5.1.3. Dereitos e deberes do profesorado.

3.5.1.3.1 Dereitos.

Ao profesorado, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes dereitos:

- A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.
- A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.
- Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.
- A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.
- A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflitividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.



3.5.1.3.2 Deberes.

- Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndooas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.
- Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle impoña a normativa aplicable.
- Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

3.5.1.4. Dereitos e deberes do persoal non docente.

3.5.1.4.1 Dereitos.

Ao persoal de administración e de servizos dos centros docentes, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes dereitos:

- A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.
- Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.
- A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.

3.5.1.4.2 Deberes.



Son deberes do persoal de administración e de servizos:

- Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.
- Gardar sigilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.

3.5.2 PROTOCOLO DE ACTUACIÓN.

Tal e como se recolle no artigo 37 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Ley 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar,

1.- No exercicio das funcións de corrección de condutas contrarias á convivencia, a constatación dos feitos constitutivos de condutas gravemente perxudiciais para a convivencia reguladas no artigo 38 deste decreto deberán formalizarse por escrito, previa tramitación dos procedementos de corrección regulados no capítulo IV do presente título.

2. O documento de constatación dos feitos polo profesorado considérase, excepto proba do contrario, acreditación suficiente destes e, polo tanto, contará coa presunción de veracidade de conformidade co establecido no artigo 11.2 da Lei 4/2011, de convivencia e participación da comunidade educativa, e deberá conter como mínimo os seguintes datos:

- a) Lugar, data e hora da comisión da acción ou omisión que da lugar ao procedemento.
- b) Descrición da acción ou omisión que determina a incoación do procedemento.
- c) A norma que se estime infrinxida, sen que esta mención implique a cualificación definitiva da acción ou omisión que da lugar ao procedemento.
- d) Nome, apelidos, dirección e datos académicos da alumna ou do alumno, incurso/a no procedemento, e se non fora maior de idade, tamén os datos identificadores das persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e.
- e) No seu caso, identificación das persoas que presenciaron a acción ou omisión que da lugar ao procedemento ou que puidese aportar datos de interese para a comprobación dos feitos.



f) Identificación e firma da persoa docente que elabore o documento”.

3.6. ESTABLECEMENTO DAS CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E DAS CORRECCIÓNS QUE CORRESPONDAN AO SEU CUMPRIMENTO.

3.6.1. CONDUTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA NO CENTRO.

Considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no centro as seguintes:

- a) As agresións físicas ou psíquicas, as injurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- d) A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- e) As actuacións que constitúan acoso escolar.
- f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
- g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
- h) Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.
- j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar estes obxectos cando



se é requirido para iso polo profesorado.

k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.

l) O incumprimento das sancións impostas.

- MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA.

Diante das condutas contrarias ás normas de convivencia do centro educativo, tipificadas no apartado anterior, o plan de convivencia e as normas de organización e funcionamento do centro poderán contemplar medidas de intervención que concreten, axusten ou modulen as medidas educativas disciplinarias seguintes:

a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro, por un período superior a cinco días lectivos e igual ou inferior a quince días lectivos.

b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.

c) Cambio de grupo.

d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo, tendo dereito, en todo caso, á asistencia a exames que se puideran realizar nesas datas.

e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo, tendo dereito, en todo caso, á asistencia a exames que se puideran realizar nesas datas.

f) Cambio de centro. No caso de aplicar esta medida disciplinaria, ao alumnado que se atope en idade de escolaridade obrigatoria, a administración educativa proporcionarlle unha praza escolar noutro centro docente sostido con fondos públicos.

O procedemento para a imposición de medidas correctoras de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro está recollido no capítulo IV do título III do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro polo que se desenvolve Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (D.O.G. Nº 17, 27-xaneiro-2015).



3.6.2. CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA.

Considéranse condutas leves contrarias ás normas de convivencia do centro educativo as seguintes:

- a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificadas da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do punto 3.6.1 deste documento que non alcancen a gravidade requirida no devandito precepto.
- b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do punto 3.6.1.
- c) A non asistencia inxustificada a clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro docente.
- d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.
- e) Os actos que alteren o normal desenvolvemento das actividades do centro educativo, especialmente os que alteren o normal desenvolvemento das clases.
- f) Os actos de incorrección ou desconsideración, as inxurias e ofensas contra os membros da comunidade educativa.
- g) O furto ou o dano intencionado de inmobles, materiais, documentación ou recursos do centro.
- h) O furto dos bens ou materiais dos membros da comunidade educativa.
- i) A negativa a trasladar a información facilitada aos pais, nais, tutores/as por parte do centro e viceversa.
- j) A alteración ou manipulación da documentación facilitada aos pais, nais, tutores/ras por parte do centro.
- k) A utilización desaxeitada das tecnoloxías da información e comunicación durante as actividades que se realizan no centro educativo.
- l) O uso de teléfonos móbiles, aparellos de son e outros aparellos electrónicos alleos ao proceso de ensino-aprendizaxe durante as actividades que se realizan no centro educativo.



- m) Os actos que dificulten ou impidan o dereito e o deber ao estudo dos seus compañeiros/as.
- n) A incitación ou estímulo a cometer unha falta contraria ás normas de convivencia.
- ñ) A negativa ao cumprimento das medidas correctoras adoptadas ante condutas leves contrarias ás normas de convivencia.
- o) O uso desaxeitado das infraestruturas e bens ou equipos materiais do centro.
- p) A desobediencia no cumprimento das normas de carácter propio do centro e que estean incluídas no seu proxecto educativo.

- MEDIDAS EDUCATIVAS CORRECTORAS DAS CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA.

Diante das condutas leves contrarias ás normas de convivencia do centro educativo, tipificadas no apartado anterior, o plan de convivencia e as normas de organización e funcionamento do centro poderán contemplar medidas de intervención que concreten, axusten ou modulen as medidas educativas correctoras seguintes:

- a) Amoestación privada ou por escrito.
- b) Comparecencia inmediata diante do/a Xefe/a Estudos ou o/a Director/a.
- c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- d) Retirada de teléfonos móbiles, aparellos de son ou outros aparellos electrónicos alleos ao proceso de ensino-aprendizaxe utilizados no centro educativo. Retiraranse apagados e serán devoltos ao alumno/a ao que se lle retirou unha semana despois da súa retirada. Aos pais, nais, titores/as legais devolveráselle en canto veñan a recollelo. No caso de que o/a alumno/a sexa maior de idade, se lle devolverá unha vez finalizada a xornada lectiva.
- e) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.
 - Recollida de lixo no centro durante o recreo (1º e/ou 2º recreo entre 1 e 5 días)
 - Limpar ou reparar o mobiliario ou o material danado, e pagalo no caso dun dano irreparable.
 - Asistencia ao centro en horario de tarde para realizar tarefas de traballo académico (estudo, lectura, tarefas de clase ...)
- f) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias segundo o protocolo de propio destas actividades.
- g) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.



h) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

i) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

j) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo, tendo dereito, en todo caso, á asistencia a exames que se puideran realizar nesas datas.

O procedemento para a imposición de medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia está recollido nos artigos 44 e 45 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro polo que se desenvolve Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (D.O.G. Nº 17, 27-xaneiro-2015). As medidas educativas correctoras que se impoñan serán inmediatamente executadas. A Xefatura de Estudos deberá levar un rexistro das medidas correctoras tomadas para informar á Comisión de Convivencia do centro, sendo responsabilidade da Xefatura de Estudos o da Dirección a comunicación ás familias destas.

En calquera caso no centro procederemos do seguinte modo:

a) **COMUNICAR AS CONDUCTAS CONTRARIAS ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA**
A/o docente será o encargado de informar á familia, a través do EspazoAbalar (incidencias) ou telefonicamente, da conduta contraria ás normas de convivencia do/a alumno/a. O/A docente comunicará á xefatura de estudos dita conduta (cubriendo o impreso de falta de conduta) que decidirá que medida correctora tomar oído o/a profesor/a e o/a alumno/a. A xefatura de estudos introducirá no Xade a falta de conduta do alumno/a e se así fora, a medida correctora pertinente, quedando así informada a familia do feito.

b) **ANTE CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA NAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS**

Rexerase polo protocolo de actividades extraescolares e complementarias.

c) **ANTE UNHA CONDUCTA ESPECIALMENTE DISRUPTIVA NA AULA**
O alumno/a comparecerá, acompañado do profesor/a de garda, ante a Xefatura de Estudos ou Dirección, que decidirá que medidas tomar. O/A profesor/a da aula informará á Xefatura de Estudos e procederá segundo se indica no punto 1 para a comunicación da falta de conduta

3.6.3. CRITERIOS PARA A ELECCIÓN DO INSTRUTOR (PROCEDEMENTO COMÚN/MEDIADORES NO PROCEDEMENTO CONCILIADO)



Para a corrección de condutas gravemente prexudiciais, a dirección valorará a incoación dun procedemento conciliador ou a incoación dun procedemento común. A dirección do centro educativo deberá encomendar a instrución dos procedementos correctores ao profesorado que teña un bo coñecemento do centro e da súa comunidade educativa e, a ser posible, que teña experiencia ou formación en convivencia escolar, mediación e resolución de conflitos no ámbito escolar, que non estea impartindo clase ao alumnado da conduta gravemente prexudicial nin tampouco pertenza ao departamento de orientación. A elección da persoa instrutora será por sorteo sempre que non fose instrutora en ocasións anteriores e aínda haxa persoas que non o foran no centro.

3.6.4. GRADACIÓN DAS MEDIDAS CORRECTORAS.

Para a gradación das medidas correctoras se tomarán en consideración os seguintes criterios:

O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, de ser o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.

A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.

A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, as súas imaxes ou a ofensa.

A natureza dos prexuízos causados.

O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, de tratarse dun alumno ou dunha alumna, en razón da súa idade, da recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia que se considere propiciadora desta vulnerabilidade.

3.6.5. PROCEDEMENTO CONCILIADO.

Este procedemento conciliado pretende favorecer a implicación e o compromiso do alumno ou alumna corrixido/a e da súa familia, ofrecer a posibilidade de que a persoa agaviada se sinta valorada, axudar ao consenso nas medidas correctoras e facilitar a inmediata corrección educativa. Cando as partes acepten o trámite mediante este procedemento, a dirección convocará á persoa docente designada como instrutora do procedemento corrector e as persoas afectadas a unha reunión, no prazo máximo dun día lectivo contado dende o remate do prazo para a comunicación da opción elixida.

Na reunión, a persoa instrutora recordarlles ás afectadas e aos afectados ou de ser menor non emancipado, as persoas proxenitoras ou representantes legais destes, que están a participar nun procedemento conciliado ao que se someteron voluntariamente, e que iso supón acatar o acordo que derive deste. Tamén advertirá a alumna ou o alumno e, de ser o caso, as persoas ou representantes legais deste, de que as declaracións que se realicen formarán parte do expediente do procedemento corrector no suposto de que non se alcance a conciliación.



Posteriormente, a persoa instrutora exporá e valorará a conduta que é obxecto de corrección facendo fincapé nas consecuencias que tivo para a convivencia escolar e para os demais membros da comunidade educativa e, oídas as partes, propondrá algunha das medidas correctoras para aquela conduta. A continuación, a persoa instrutora daralle a palabra á alumna ou ao alumno e as persoas convocadas, para que manifesten as súas opinións sobre a conduta que se pretende corrixir e realicen as consideracións oportunas sobre a súa corrección.

A petición de desculpas por parte da alumna ou do alumno será tida en conta como circunstancia que condiciona a súa responsabilidade, á hora de determinar a medida correctora que se vaia adoptar.

Finalmente, as persoas participantes no procedemento deberán acordar a medida correctora que consideren máis axeitada para a conduta da alumna ou do alumno e, se procede, as medidas educativas reparadoras. Deberá quedar constancia escrita da conformidade coas medidas correctoras fixadas por parte do alumno ou da alumna autor/a da conduta e da persoa agraviada ou, de ser menor non emancipado/a, das persoas proxenitoras ou representantes legais deste.

O consenso das partes será ratificado pola persoa que ocupe a dirección do centro.

O incumprimento por parte da alumna ou do alumno das medidas correctoras acordadas dará lugar á corrección da súa conduta mediante o procedemento común.

O procedemento conciliado finalizará unha vez obtido o acordo entre as partes. No caso de que non se logre o acordo, continuarase a corrección polo procedemento común.

De acordo co establecido no **artigo 48 do Decreto 8/2015**, nos casos nos que se lle ofrecese á alumna ou alumno ou ás persoas proxenitoras ou representantes legais deste a posibilidade de corrección da conduta mediante o procedemento conciliado, estes comunicaranlle por escrito á dirección do centro a aceptación ou non deste procedemento no prazo dun día lectivo seguinte á recepción da notificación. De non comunicárselle nada á dirección do centro nese prazo, aplicaráselle o procedemento común.

3.6.6. PRESCRICIÓN DE CONDUTAS E DE CORRECCIÓN. S.

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no noso centro prescribirán aos catro meses da súa comisión e as condutas leves contrarias á convivencia, ao mes.

O prazo de prescrición comezará a contarse desde o día en que se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso no que o prazo de prescrición non se empezará a computar mentres aquela non cese.

No caso das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado ou da interesada, do procedemento para a corrección da conduta, e continuarase o cómputo do prazo de prescrición para o caso de producirse a caducidade do procedemento.



APLICACIÓN E REXISTRO DAS MEDIDAS EDUCATIVAS CORRECTORAS DAS CONDUCTAS LEVES.

Na aplicación de medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia hai diferentes persoas competentes para a súa aplicación segundo o seguinte cadro:

MEDIDA	DOCENTE	TITORÍA	XEFATURA A ESTUDOS	DIRECCIÓN
Amoestación privada ou por escrito	X	X	X	X
Comparecencia inmediata ante a xefatura de estudos	X	X	X	X
Realización de traballos específicos en horario lectivo	X	X	X	X
Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro			X	X
Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.			X	X
Cambio de grupo por un período de ata unha semana			X	X
Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os traballos ou deberes que se determinen para evitar a interrupción do proceso formativo.				X
Suspensión do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os traballos ou deberes que se determinen para evitar a interrupción do proceso formativo.				X

As dúas últimas medidas da anterior táboa requiren resolución expresa por escrito, que deberá ser comunicada á familia e á comisión de convivencia do centro. Logo desta notificación o afectado ou os seus representantes legais poderán solicitar por escrito, no prazo máximo de 2 días, revisión destas medidas. No caso de solicitarse esta revisión, a dirección emitirá unha nova resolución á maior celeridade ratificando ou rectificando as medidas impostas. Esta resolución pon fin ao procedemento e é inmediatamente executiva. O resto das medidas non requiren de resolución expresa por escrito. Non obstante, para que certas condutas leves contrarias á convivencia poidan ser tidas en conta a efectos de determinar unha posible falta grave por reiteración de condutas leves, haberá que rexistralo e comunicarlo ao/á afectado/a ou ás súas persoas responsables. Polo tanto, cando se aplique algunha destas medidas comunicarse na Xefatura de Estudos para levar o rexistro correspondente. Aquelas condutas leves contrarias á convivencia que non consten previamente por escrito non poderán ser estimadas como reiteración da mesma conduta.



3.7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA NO CENTRO, COAS FAMILIAS E CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS OU ORGANISMOS DO CONTORNO.

3.7.1 RELACIONADOS CO FUNCIONAMENTO INTERNO.

- Órganos coma o Departamento de Orientación, a través das xuntanzas de coordinación coas titorías para o desenvolvemento do PAT.
- Xefatura de Estudos, a través da CCP, da Comisión de Convivencia, das xuntanzas dos equipos educativos.
- Órganos colexiados: Consello Escolar e Claustro.

3.7.2. RELACIONADOS CO ALUMNADO.

- **Potenciación da Xunta de Delegados.** Tras as eleccións de delegados e delegadas, que terá lugar ata mediados de outubro, a xefatura de estudos procederá a convocar a Xunta de Delegados/as cos representantes do alumnado no Consello Escolar. Comentaralles as funcións da xunta e animará ao/ás alumnos/as para que sexa un órgano activo e acade os niveis óptimos de funcionamento elaborando propostas que melloren o funcionamento do centro e creen un bo clima de convivencia.
- **Pacto de normas e accións correctoras.** Ao comezo do curso, nos primeiros quince días procederase á discusión, concreción e redacción de normas.
- **Concienciación do alumnado para que participe no Consello Escolar e noutros órganos de goberno.** Desde o comezo do curso, o profesorado en xeral, e o equipo directivo e os/as titores/as, en particular, estimularán ao alumnado a que participen coas súas opinións e suxestións en cada Consello Escolar convocado. Transmitiranllas aos representantes do alumnado no Consello Escolar para que as transmita. Cada ano que haxa eleccións ao Consello Escolar farase unha campaña de fomento da participación activa, como candidatos ou votantes.
- **Promoverase a existencia de assembleas informativas de todo o alumnado.** Naquelas ocasións nas que sexa conveniente que todo o alumnado opine sobre un tema de elevado interese.
- **Potenciarase a figura do/a delegado/a de curso.** Ao longo de todo o curso, diariamente o/a delegado/a debe ser unha figura importante no organigrama do centro. As actividades para os/as delegados/as realizaranse trimestralmente nas datas mais axeitadas para eles e o profesorado.
- **Elaborar propostas e trasladalas aos distintos sectores da comunidade escolar.** Nas reunións de delegados/as que se celebren cada recreo que o/a presidente/a da Xunta de Delegados/as os convoque.



3.7.3. RELACIONADOS CO PROFESORADO

- **O profesorado dun grupo de alumnos/as colaborará na elaboración dunhas normas de aula que rexerán a vida na aula e o uso dos recursos da mesma.** Na primeira quincena do curso cada profesor/a xunto co seu alumnado redactará as normas que se van a seguir na aula das súas clases. O/a titor/a daralle redacción definitiva tralas achegas de todos e as levará á reunión de titores/as, onde coa persoa Orientadora e o/a xefe/a de estudos elaborará unha carpeta onde se recollan todas as normas de cada aula para que se encontren a disposición de todo o profesorado e alumnado antes do 15 de outubro de cada curso escolar.
- **Comezar coa redacción de normas básicas, claras e acordadas, segundo as normas de organización e funcionamento do centro.**
- **A través da titoría traballaranse actividades que fomenten e melloren a convivencia no instituto ou actúen como prevención dos conflitos.** Realizaranse actividades para fomentar e mellorar a convivencia nas horas de titoría con alumnos/as ao longo de todo o curso académico en función das necesidades de cada aula. A actividades conxuntas por niveis poderían levarse a cabo, polo menos, unha por trimestre, e segundo as necesidades o vaian xurdindo.
- **Actualizar o protocolo de benvida e información ao novo profesorado.** Nunhas xornadas, ao comezo do curso ou cada vez que un profesor/a novo se incorpore, haberá un comité de benvida que informará ao/á novo/a compañeiro/a dos usos e costumes do centro.
- **Introducir as faltas do alumnado directamente no Xade-Web** na sesión correspondente para permitir unha actuación inmediata en caso de absentismo escolar.

3.7.4 RELACIONADOS CO PERSOAL NON DOCENTE.

- **Colaborará dentro das súas funcións nas diversas actividades de convivencia do instituto que se celebren ao longo do curso.** Cando se programen devanditas actividades.

3.7.5 RELACIONADOS COAS FAMILIAS.

- **Colaborará co plan de convivencia no centro participando nas actividades de convivencia que se programen ao longo do curso para estreitar a unión entre familias e centro.**
- No mes de outubro na actividade de benvida ás familias.



- E no resto das actividades programadas ao longo do curso.

3.8. ESTRATEXIAS PARA REALIZAR A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.

Toda a comunidade educativa poderá acceder ao Plan de Convivencia do I.E.S. a través da páxina web do centro. Aínda así, poranse en práctica outras estratexias para a difusión do Plan de Convivencia entre os diversos sectores da comunidade educativa:

Alumnado

- a) Titorías.
- b) Xunta de Delegadas/os.
- c) Representantes do alumnado no Consello Escolar

Profesorado

- a) Claustro de Profesorado de comezo de curso e calquera outro que fose necesario.
- b) Representantes no Consello Escolar.

Familias

- a) Nas reunións cos titores/as do comezo de curso.
- b) Nas entrevistas que pais e nais de alumno/as teñen co profesorado ao longo do curso.
- c) No Consello escolar, a través dos seus representantes no mesmo.

Para chegar á comunidade educativa, ademais da publicación na páxina do centro, realizaranse dípticos que recollan a información esencial e básica do Plan de Convivencia que serán entregados:

- a) Ao profesorado coa entrega de horarios.
- b) Ás familias na reunión de comezo de curso e/ou a través do correo electrónico que proporcionaran ao formalizar a matriculación do seu fillo ou súa filla.
- c) Ás persoas titoras para colgar no taboleiro das aulas na entrega de horarios e se traballará co seu contido nas horas de titoría.
- d) Ás persoas que constitúen a Xunta de Delegados.

3.9. PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA.

A modo de conclusión, compre sinalar que este plan responde a un desexo de mellora e



prevención da convivencia porque tras a análise da problemática do noso instituto púidose comprobar que o estado da nosa convivencia non amosa graves conflitos. Unha vez que se poña en práctica o presente plan, ao final do cada curso comprobarase se houbo melloría e cales foron as súas causas. En función dos resultados desta implantación deseñaremos propostas para mellorar os puntos débiles detectados.

Cada curso escolar, co alumnado que se incorporou de novo, no segundo trimestre, farase unha detección dos problemas de convivencia que eles nos comuniquen e procederase á busca de solucións para os mesmos. Devanditas modificacións reflectiranse na memoria do curso e teranse en conta no futuro trala avaliación realizada.

Cada catro anos faranse unha nova sondaxe entre o alumnado para reformar o plan, se fose necesario, e propoñer as melloras que se precisen.

En cada unha das tres reunións ordinarias da Comisión de Convivencia existirán dous puntos na orde do día onde tanto a Xefatura de Estudos, como a persoa dinamizadora da convivencia, informarán sobre os distintos conflitos detectados no trimestre.

A persoa dinamizadora da convivencia do centro será a responsable de elaborar ao final de cada curso escolar unha memoria onde se recollan os seguintes puntos:

- Grado de cumprimento dos obxectivos do plan.
- Participación da comunidade educativa no desenvolvemento do plan.
- Adecuación dos espazos e dos recursos materiais ao plan de actuación.